



## CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 25 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Ordenación Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG 8/10/18), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 15 de OUTUBRO, luns, ás 12 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro e que lles serán comunicadas.

Ourense, 10 de outubro de 2018.

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.: Daniel Pascual Feijoo